

RECURSOS EN LIÑA

- <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

Blog das Bibliotecas Escolares de Galicia con infinidade de recursos, enlaces e ideas para a promoción da lectura

- <http://centros.edu.xunta.es/iesasmarinas/webantiga/departamentos/Biblioteca/Formacion/index.htm>

IES das Mariñas (Betanzos): Actividade JClic para aprender a moverse nunca biblioteca escolar

- http://www.isftic.mepsyd.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2006/aprender_estudiar/index/html

APRENDER A ESTUDIAR: fantástica páxina para a adquisición de hábitos de estudo.

- <http://www.juntadeandalucia.es/averroes/%7Esptmalaga/m45b102/media/docum/Mon04Fube.pdf>

FORMACIÓN DE USUARIOS EN LA BIBLIOTECA

- <http://www.quadraquinta.org/materiales-didacticos/cuaderno-de-ejercicios/encicloymdicionarios.html>

QUADRAQUINTA: materiais para a busca de información en enciclopedias

- [Http://www.esdelibro.es/archivos/documentos/guía_alumnos.pdf](http://www.esdelibro.es/archivos/documentos/guía_alumnos.pdf)

ES DE LIBRO: una investigación de libro. Guía práctica para estudantes

- <http://www.juandevallejo.org/investiga.htm>

C.P. Juan de Vallejo (Burgos): Exemplos de proxectos de investigación

- <http://www.aulactiva.com/rutas/>

RUTAS DE APRENDIZAXE: Aprendendo con Internet

- <http://www.bibliotecaescolar.info/castcompetencia/materials.htm>

Manexo das fontes de información



Biblioteca IES Poeta Añón

OUTES- A Coruña

Rúa Poeta Añón, s/n- Serra de Outes

15230- Outes (A Coruña)

HORARIO DE APERTURA

MAÑÁS

De luns a venres : 10.05 - 10-25

e 12.05 - 12.25

TARDES

Martes : 18.00 - 18.45


Xoves: 19.45 - 19.30

Bibliotecas
escolares
de Galicia



A Biblioteca do IES Poeta Añón foi seleccionada no curso 06-07 para participar no II Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia.

PROXECTO LECTOR de CENTRO



Guía para o
PROFESORADO

IES Poeta Añón-Outes-

Curso 2009-2010

Que é un Proxecto Lector de Centro:

O Proxecto Lector é un documento que recolle todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas. Debe estar consensuado por todo o equipo docente, e nel o fomento da lectura debe ser unha prioridade e unha tarefa que incumbe a todos os que teñen responsabilidades na educación: pais e profesores.

No curso 08-09 o noso centro elaborou un borrador de dito documento coa idea de poñelo en práctica con carácter experimental no curso que agora comenza.

OBXECTIVOS do noso Proxecto Lector

- Fomentar a lectura, incorporándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula e na biblioteca escolar co fin de formar lectores competentes.
- Converter a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Considerar a biblioteca escolar como un recurso imprescindible.
- Educar no uso crítico da información.
- Rendabilizar esforzos e recursos e colaborar con outros centros educativos e a biblioteca pública.
- Implicar a toda a comunidade educativa.

ACTIVIDADES

A NIVEL DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

- Todas as programacións dos departamentos didácticos deberán incluír unha lista de lecturas recomendadas para cada nivel (**ITINERARIOS LECTORES**), que serán á súa vez entregadas aos alumnos. Trátase dunha relación de lecturas tanto informativas coma de ficción, vencelladas ao traballo de aula e que o lector curioso poderá atopar na biblioteca do centro. Tamén poderá facerse constar actividades deseñadas especificamente para traballar a comprensión lectora.
- **PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS:** Dende a biblioteca proporase ós departamentos didácticos a realización de traballos de investigación dentro da súa área, en relación co tema proposto na programación anual da biblioteca. Para o curso 2009-2010, traballárase o tema da **TRADICIÓN ORAL** en Outes dende unha perspectiva multidisciplinar: lendas e mitos populares, cantigas, contos, refráns, xogos tradicionais, oficios do pasado... serán aspectos da cultura da zona obxecto de estudo e difusión por parte da comunidade escolar.

A NIVEL DA DIRECCIÓN DO CENTRO

- **HORA DE LER:** Tras acordo en claustro, dedicarase unha hora á lectura semanal. Esta actividade terá lugar os **LUNS**, rotando cada semana a hora, de xeito que se comezaría a luns 5 de outubro a 1ª hora. O luns seguinte sería a 2ª hora e así sucesivamente. Nos meses de avaliación (decembro, marzo e xuño) suspenderase a actividade para non coincidir con exames. O Equipo da Biblioteca facilitará os materiais de lectura e realizarase unha avaliación da actividade ó remate do trimestre co fin de melloralala.

- **COFRES DE LECTURA:** Ó inicio de cada trimestre, equiparase cada aula cun cofre contendo documentos de distinto tipo (libros divulgativos, cómics, revistas, ficción, poesía...) adaptados á idade e gustos do alumnado. A idea é facer uso deste cofre cando falte un profesor e non teña asignada tarefa para o alumnado, ou ben para tempos "mortos" como, por exemplo, ó remate dun exame. Trátase de lectura silenciosa, sen pedir nada a cambio (nen resumos, nen exercicios, nen exames). O profesorado deberá anotar na carpeta do cofre o tempo adicado á lectura e a **MATERIA** na que se leu, lembrando ó alumnado que coloquen os materiais de volta dun xeito ordenado (lombos dos libros cara arriba).
- **TÉCNICAS DE PROCURA DA INFORMACIÓN:** Os titores de cada un dos grupos comprométese a levar a cabo nas sesións de titoría (como mínimo unha vez ó mes) actividades relacionadas coa adquisición de competencias de procura da información e alfabetización informacional (**ALFIN**). O equipo de biblioteca así como o Departamento de Orientación proporcionarán aos titores todo o material que precisen.
- **MOCHILAS VIAXEIRAS:** Permitirán achegar os recursos da bibliotecas (DVDs, libros, CDs musicais, cómics) ás familias, según as preferencias dos lectores que soliciten levar a mochila a casa. Para elo deberán cubrir previamente un cuestionario de gustos persoais e poderán disfrutar da mochila durante 15 días.

A NIVEL DA BIBLIOTECA

Dentro da súa programación anual, o Equipo da Biblioteca será o encargado de organizar, promover e difundir actividades relacionadas con

- ANIMACIÓN Á LECTURA
- FORMACIÓN DE USUARIOS
- ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL